

ACTIVIDADE 3

Actividade enfocada a dar a coñecer
ao alumnado o papel
das mulleres nas STEM/STEAM.

¿Que son
as STEM/
STEAM?



ACTIVIDADE 3

4/6 sesións

Trátase dunha proposta para facer en grupo onde o alumnado hase de organizar e chegar a acordos, facer unha procura de información por internet, extraer información relevante e elaborar un vídeo.

Competències treballadas

ÁMBITO DIXITAL

- Seleccionar, configurar e programar dispositivos dixitais segundo as tarefas que se van realizar.
- Construír novo coñecemento persoal a través de estratexias de tratamento da información co soporte de aplicacións dixitais.
- Utilizar as aplicacións básicas de edición de imaxe fixa, son e imaxe en movemento para producións de documentos dixitais.

ÁMBITO PERSOAL E SOCIAL

- Coñecer e poñer en práctica estratexias e hábitos que interveñen na propia aprendizaxe.
- Desenvolver habilidades e actitudes que permitan afrontar os retos da aprendizaxe ao longo da vida.

ÁMBITO DE CULTURA E VALORES

- Mostrar actitudes de respecto activo cara as demais persoas.
- Aplicar o diálogo e exercitar todas as habilidades que comporta.

ÁMBITO ARTÍSTICO

- Desenvolver proxectos artísticos por disciplinas ou transdisciplinarios tanto persoais como colectivos.
- Compoñer con elementos das linguaxes artísticas utilizando ferramentas e técnicas propias de cada ámbito.

Desenvolvemento da actividade

1. Organiza a clase en 12 grupos de traballo (grupos de 2 ou 3).
- 2.- A cada grupo lle asignas un dos pósters e busca a información na web <https://www.cientificascasio.com/>
3. A partir desta información o grupo ha de preparar un vídeo sobre a científica que ten asignada.
4. O vídeo ha de reflectir a achega da científica á ciencia e ao noso día a día e a contextualización histórica do lugar e momento en que desenvolveu o seu traballo.

Propostas para presentar a actividade ao alumnado

1. Imaxina que se fixo unha serie para ser emitida en NETFLIX onde a historia se desenvolve arredor da científica, a súa vida e a súa achega á ciencia e vos encargan que preparedes o tráiler publicitario da serie para anunciar a presentación na plataforma e conseguir un récord de audiencia ao longo da emisión de toda a serie.
2. Unha escritora de renome internacional escribiu unha novela baseada en feitos reais onde a protagonista principal é a científica sobre a que estudiastes e a súa achega á ciencia. Encárganvos que fagades o BOOKTRAILER para a campaña publicitaria da presentación da

ESTA ACTIVIDADE PÓDESE USAR PARA FACER DIFUSIÓN DO PRODUTO FINAL OBTIDO AO RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA, PÓDENSE ORGANIZAR PRESENTACIÓNS INTERETAPAS, COLGAR NOTICIAS NA WEB DO COLEXIO, ETC...